

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/36	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria-Urxente
Data	14 de novembro de 2023
Duración	Dende as 12:30 ata as 13:12 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Ratificación da urxencia da convocatoria****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

Expediente 1581/2023: Contratacións. “PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO NO CONCELLO DE SILLEDA”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de notificación da concesión de axudas ao abeiro da ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciada polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiada pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P).

Vista a necesidade de adquirir o material necesario e contratar os servizos de campaña e actuacións de información, difusión e sensibilización tal e como consta na concesión da subvención.

Visto que a actuación terá o contido suficiente para a correcta definición de contrato mixto de subministro e servizos e a súa licitación, de conformidade co previsto no art. 159 Da Lei 9/2027, de Contratos do Sector Público.

Visto que o valor estimado do contrato mixto de subministro e servizos ascenderá a 58.961,28€ polo que poderá utilizarse un PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO do artigo 159.6 da LCSP.

Vistos os Pregos de Condicións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe de Secretaría.

Visto o informe de Intervención.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación abreviada, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato mixto de subministro e servizos denominado: “PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO NO CONCELLO DE SILLEDA”.

SEGUNDO.- Autorizar pola contía 71.343,15 € (dos que 58.961,28 € corresponden ó valor estimado do

contrato e 12.381,87 € ó IVE), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, aprobándose o gasto que corresponda para 2023 con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato mixto de subministro e servizos denominado “PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO NO CONCELLO DE SILLEDA”.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Dar traslado do presente decreto ao Pleno, na próxima sesión que se celebre.

EXPEDIENTE 1467/2023. CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN OU EVENTOS PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo da Comisión de Seguimento recollido na Acta, de data 9 de novembro de 2023, e que se transcribe literalmente:

“Reunida a Comisión de Seguimento do Viveiro de Empresas de Silleda, composta por:

- Manuel Cuiña Fernández, (Alcalde)*
- Juan Carlos Peteiro Rodriguez (AEDL municipal)*
- M^a Soledad Rey Asorey, (funcionaria municipal que actúa como secretaria)*

Sendo ás 9:30 do xoves 09 de novembro de 2023, reúnense as persoas anteriormente mencionadas nas oficinas municipais localizadas na rúa Alfonso Trabazo, 3 (Silleda), para atender ao único punto da orde do día da convocatoria:

1.- Valoración da documentación aportada, pola Comunidade de Propietarios Área 33 de Silleda, en contestación ao requirimento efectuado

Comprobada que a documentación presentada axustase ao requirimento de acordo coa base VI apartado 3, acórdase atender a solicitude presentada pola Comunidade de Propietarios Área 33 de Silleda outorgándolle o uso do despacho núm. 1, por dous anos a contar dende o día da firma do contrato de cesión, prorrogables por vontade das partes previa solicitude cun mes de antelación á

finalización por un período máximo de 12 meses.

Acórdase comunicar, a data para a sinatura do contrato de Cesión de espazos á Comunidade de Propietarios Área 33 de Silleda.

E non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 10:00, levántase a sesión, estendéndose desta a presente Acta que asinan o Alcalde e a Secretaria”

Polo exposto, ponse en coñecemento desta Xunta de Goberno Local os devanditos acordos, para a súa toma en consideración.

Expediente 406/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. Subvencións a deportistas individuais federados/as do Concello de Silleda para a Tempada 2023/2024.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistas as solicitudes presentadas á convocatoria das subvencións a deportistas individuais federados/as do Concello de Silleda para a Tempada 2023/2024, publicada o 15 de setembro de 2023 de outubro no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, ao abeiro das bases reguladoras publicadas no BOP de Pontevedra en data 12 de abril de 2023.

Vistos os informes realizados para cada unha das solicitudes presentadas (un total de 14) nos que se fai constar o nome, DNI, disciplina deportiva, documentación presentada e cumprimento ou non dos requisitos establecidos na convocatoria, e por cada un/unha das persoas solicitantes.

Vista a acta da comisión de valoración formada por Mónica González Conde como concelleira de Deportes, David García Lareo, como funcionario municipal e José Manuel Espiño Fernández, como técnico de Deportes, de data 12 de novembro de 2023.

Vista a proposta da citada comisión, que informa ademais de que todas as persoas solicitantes cumpren cos requisitos da convocatoria.

Vista o intervido e confome de Intervención, realizado de acordo ca base 45 das bases de execución do Orzamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación das persoas solicitantes, que a continuación se relacionan, a puntuación e cantidades económicas seguintes:

NOME DO/A DEPORTISTA	DNI	DISCIPLINA DEPORTIVA	PUNTUACIÓN	CANTIDADE PROPOSTA EN €
JUAN RAMIRO AGRA REQUEIJO	***2153**	PESCA DEPORTIVA	21	189,40

MARCO LORENZO CRESPO	***7420**	AUTOMOVILISMO-RALLIE	20	180,00
ALEX SILVA LAGE	***8085**	LOITA	40	358,00
VALERIA PÁJARO SALGUEIRO	***0384**	ATLETISMO	26	233,40
LUCAS CASAL TOUBES	***4204**	KUNG-FU	21	188,90
XIÁN SUÁREZ RIPOLL	***5498**	NATACIÓN	25	224,20
LÍA SUÁREZ RIPOLL	***9771**	NATACIÓN	26	233,40
DIEGO GIL LORENZO	***5837**	AUTOMOVILISMO-RALLIE	20	180,00
CLAUDIA SAHAGÚN TABOADA	***4078**	NATACIÓN E SALVAMENTO	26	233,40
AINHOA SAHAGÚN TABOADA	***6868**	NATACIÓN E SALVAMENTO	26	233,40
SARA FUENTES CUSTODIO	***0020**	XIMNASIA DEPORTIVA	21	188,90
CARLA FUENTES CUSTODIO	***4192**	XIMNASIA DEPORTIVA	16	144,40
ADIÁN PENIDO NÚÑEZ	***5978**	ESGRIMA	25	224,20
JUAN MANUEL GONZÁLEZ MOLINA	***3582**	PESCA DEPORTIVA	21	188,40
			Total €	3.000,00

SEGUNDO.- Comunicar ás persoas beneficiarias dita resolución.

TERCEIRO.- Que por parte de Intervención se proceda a abonar as referidas cantidades con cargo á partida orzamentaria 341-18, do orzamento municipal en vigor

CUARTO.- Publicar, dacordo cas bases, o presente acordo na páxina web e no taboleiro da Sede Electrónica.

Expediente 1864/2022. Subvencións Directas ou Nominativas. CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO NO CONCELLO DE SILLED A.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Acta da Comisión de valoración do programa de axudas municipais á creación de emprego no concello de Silleda, de data do 7 de novembro de 2023 que obra no expediente, na que se constata a revisión da documentación enviada polas persoas requiridas, Juan Daniel Céspedes Mauro, Javier Alfredo Pujol, Nuria González Castro, David Louzao Rey, Estefanía Fernández Míguez e Julieta Romina López Dovek, para a emenda das súas solicitudes, e na que acordan conceder as subvencións as persoas solicitantes que a continuación se relacionan:

1º.- Sr. Juan Daniel Céspedes Mauro, propoñer que, tras emendar a súa solicitude, se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, apertura de local e contratación de persoal.

2º.- Sr. Javier Alfredo Pujol, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

3º.- Sra. Nuria González Castro, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: Dúas altas no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e apertura de local.

4º.- Sr. David Louzao Rey, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

5º.- Sra. Estefanía Fernández Míguez, propoñer que, tras a aclaración da súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

6º.- Sra Julieta Romina López Dovek, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, apertura de local e contratación de persoal.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións as persoas solicitantes:

1º.- Sr. Juan Daniel Céspedes Mauro, propoñer que, tras emendar a súa solicitude, se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, apertura de local e contratación de persoal.

2º.- Sr. Javier Alfredo Pujol, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

3º.- Sra. Nuria González Castro, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: Dúas altas no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e apertura de local.

4º.- Sr. David Louzao Rey, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

5º.- Sra. Estefanía Fernández Míguez, propoñer que, tras a aclaración da súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 900€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

6º.- Sra Julieta Romina López Dovek, propoñer que, tras emendar a súa solicitude se lle conceda a subvención por un importe 2.400€ en base ao baremo de puntuación recollido no apartado 1.4 das Bases: alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, apertura de local e contratación de persoal.

Estas subvencións, deberán xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

Expediente 745/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. Acondicionamento de terreo para plantación de viñado dentro da D.O. Rias Baixas.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente 745/2023 de este Concello, autorización de Don **JOSÉ LUIS CORT BAS**, titular do Documento Nacional de Identidade 50.789.728-R, a Don JOSÉ CONSTENLA PEGO, titular do Documento Nacional de Identidade 35.435.800-E, para a representación en diferentes trámites, entre eles, *“Trámites y gestiones, incluso presentar solicitudes, proyectos, recursos, y/o obtener y/o recibir información ante cualquier tipo de Organismo (Ayuntamiento, Xunta, Deputación, etc.)”*.

2º.- Consta no expediente “PROYECTO DE ACONDICIONAMIENTO DE TERRENO PARA PLANTACIÓN

DE VIÑEDO DENTRO DE LA D.O. RIAS BAIXAS”, asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Don JOSÉ CONSTENLA PEGO, colexiado nº 568, CERES OFICINA TÉCNICA AGRÍCOLA (Rexistro de Entrada neste Concello nº 2023-E-RE-449).

3º.- Consta autorización de Augas de Galicia (Clave DH.W36.91893), (Rexistro de Entrada neste Concello nº 2023-E-RE-984).

4º.- Con data 23 de agosto de 2023 a Arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Verónica Chaves González, emite informe no que pon de manifesto unha serie de deficiencias que deberán ser correxidas. As conclusións do informe da Arquitecta técnica transcríbese a continuación:

“CONCLUSIÓN

Unha vez analizada a documentación achegada, constátanse unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que, se deberá requirir o interesado, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:

1.- *Tras a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o pasado 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023); resulta necesario adaptar e xustificar no presente proxecto, o cumprimento das determinacións urbanísticas aplicables de acordo coa clasificación e ordenanza aplicables conforme plan en vigor, así como o réxime xeral de aplicación establecido na LSG para o solo rústico.*

2.- *Planimetría descritiva completa: Plano de situación: referido ao planeamento vixente, con remisión a puntos localizables e con indicación do norte xeográfico. Plano de emprazamento con referencia ao planeamento municipal, onde se grafe concretamente a posición das construcións, os recuados e lindeiros e estradas ás que da fronte, acoutando as distintas dimensións de separación e localización, conforme as determinacións aplicables. Os perfís lonxitudinais achegados para as zonas 3 e 4 deben incluír acoutación en escala gráfica numerada para poder comprobar a altura dos desniveis e movementos de terras que se pretenden realizar.*

3.- *As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos. (Art. 353.2.i) RLSG):*

4.- *As parcelas están incluídas na zona da afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario previo acordo favorable por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) respecto das actuacións proxectadas. (Artigo 275 das normas urbanísticas do PXOM).*

5.- *As parcelas atópanse en solo rústico de protección agropecuaria, forestal e de infraestruturas; polo que resultará necesario en virtude do artigo 36.2 da LSG, a previa autorización ou informe favorable por parte do órgano que teña a competencia sectorial correspondente en materia agrícola ou gandeira*

(Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia), en materia forestal, e do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF); respectivamente.

6.- As parcelas atópase na contorna da Torre de Cira, ben catalogado (Ficha catálogo 08.06) na categoría de Ben de Interese Cultural, con nivel de protección integral (Decreto 22/04/1949) BIC.000.546. En consecuencia, de acordo co art. 39 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización por parte da Consellería de Cultura.

7.- A zona 4 está atravesada por unha liña eléctrica. De conformidade co art. 162 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica: “[...]En todo caso, y para as liñas eléctricas aéreas; queda limitada a plantación de árbores e prohibida a construción de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola proxección sobre o terreo dos condutores extremos nas condicións máis desfavorables, incrementada coas distancias regulamentarias a ambos lados da dita proxección[...]” Resultando necesario achegar a correspondente autorización por parte do organismo correspondente.

8.- Autorización para plantación de viñado por parte do órgano correspondente da consellería do medio rural.

*O que se informa aos efectos oportunos.
Pontevedra, na data da sinatura dixital
A arquitecta técnica/Verónica Chaves González”*

5º.- O 15 de xuño de 2023, con rexistros de saída neste Concello nº 2023-S-RE-846 e 2023-S-RE-847, consta enviado o requirimento para emendar as eivas que presentaba a documentación.

6º.- Consta no expediente que o 24 de agosto de 2023, con rexistro de entrada nº 2023-E-RE-1036 neste Concello, a Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (Código seguro de verificación CSV: HOEAY60IZTKPQ6GG)

7º.- Consta no expediente a comunicación da Axencia Estatal de Seguridade Aérea cancelando a solicitude S23-9595, porque as actuacións que se pretenden realizar considéranse obras menores en materia de servidumes aeronáuticas.

8º.- Consta no expediente o ANEXO PROYECTO DE ACONDICIONAMIENTO DE TERRENO PARA PLANTACIÓN DE VIÑEDO DENTRO DE LA D.O. RIAS BAIXAS, asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Don JOSÉ CONSTENLA PEGO, colexiado nº 568 (Rexistro de Entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1074).

9º.- Consta no expediente, aportada polo promotor, con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1078, a Autorización da Xunta de Galicia, emitida pola Delegación Territorial de Pontevedra, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Servizo de Coordinación Cultural (Exp. 1449/23).

10º.- Consta no expediente o requirimento de emenda de documentación realizado pola Consellería de Medio Rural (Expediente 218/2023), rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1201.

11º.- Consta no expediente, dando resposta ó requirimento efectuado pola Consellería de Medio Rural o Certificado urbanístico emitido pola Arquitecta Verónica Chaves González o 02 de outubro de 2023.

12º.- Consta no expediente a comunicación da Consellería de Medio Rural na que se pon de manifesto que non resulta preceptiva a emisión por parte da Consellería do Medio Rural do informe sectorial previo que recolle o artigo 36.2 da Lei 2/2016, (Rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1224).

13º.- Consta no expediente, con Rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1267, a resolución estimatoria no procedemento administrativo da autorización de actividade en zonas de dominio público e/ou protección ferroviaria emitida por ADIF, código seguro de verificación GWBCPSNHKBPNH7BBWW4H028P6M.

14º.- Consta no expediente a Autorización de Medio Rural, tras a aportación da documentación requirida (Expediente: obras 227/2023) e a notificación de resolución de concesión de autorización de replantación dunha superficie de viña, emitida polo Servizo de Explotacións Agrarias (Rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1294).

15º.- Consta **informe favorable** da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 30/10/2023.

O informe favorable da arquitecta transcríbese a continuación:

“EXPEDIENTE: 745/2023

ASUNTO: Acondicionamento de terreo para plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas

SITUACIÓN: Lg. Santa Baia de Cira s/n, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052A001100090000KH, 36052A001000170000KE e 36052P503004080000DK).

SOLICITANTE: José Luis Cort Bas

TÉCNICO: José Constenla Pego (Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 568).

Informe técnico que se emite en continuidade de tramitación do presente expediente.

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG)*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.*
- *Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*
- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei*

do Solo e Rehabilitación Urbana

2. ANTECEDENTES:

1. Remítese aos do expediente administrativo.
2. O 23.08.2023 emítese informe técnico requirindo a emenda de aspectos relacionados coa solicitude de licenza de obra, notificándose ao interesado.
3. Realízanse diversos aportes de documentación en datas 24.08.2023, 02.09.2023, 05.09.2023, 04.10.2023, 16.10.2023 e finalmente en data 20.10.2023, co fin de emendar as deficiencias requiridas e achega de tódolos informes sectoriais esixidos.

3. INFORME:

3.1. Aspectos requiridos a emendar:

Analízase a continuación a presentación da documentación requirida:

1. Tras a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o pasado 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023); resulta necesario adaptar e xustificar no presente proxecto, o cumprimento das determinacións urbanísticas aplicables de acordo coa clasificación e ordenanza aplicables conforme plan en vigor, así como o réxime xeral de aplicación establecido na LSG para o solo rústico.

Incorpora xustificación en anexo ao proxecto achegado, redactado e asinado polo técnico redactor inicial D. José Constenla Pego (Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 568) en apartado 2.1.

2. Planimetría descritiva completa: Plano de situación: referido ao planeamento vixente, con remisión a puntos localizables e con indicación do norte xeográfico. Plano de emprazamento con referencia ao planeamento municipal, onde se grafe concretamente a posición das construcións, os recuados e lindeiros e estradas ás que da fronte, acoutando as distintas dimensións de separación e localización, conforme as determinacións aplicables. Os perfís lonxitudinais achegados para as zonas 3 e 4 deben incluír acoutación en escala gráfica numerada para poder comprobar a altura dos desniveis e movementos de terras que se pretenden realizar.

Incorpora novos planos aclaratorios en anexo ao proxecto achegado, redactado e asinado polo técnico redactor inicial D. José Constenla Pego (Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 568)

3. As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos. (Art. 353.2.i) RLSG):

a. As parcelas están incluídas na zona da afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario previo acordo favorable por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) respecto das actuacións proxectadas. (Artigo 275 das normas

urbanísticas do PXOM).

Acompañan informe de resolución por parte de AESA, de cancelación de solicitude S23-9595, por consideración de obra menor en materia de servidume aeronáutica, pola pouca altura que conleva a actuación e o feito de estar rodeado de outros elementos similares que non afectan a seguridade das operacións das aeronaves.

b. As parcelas atópanse en solo rústico de protección agropecuaria, forestal e de infraestruturas; polo que resultará necesario en virtude do artigo 36.2 da LSG, a previa autorización ou informe favorable por parte do órgano que teña a competencia sectorial correspondente en materia agrícola ou gandeira (Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia), en materia forestal, e do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF); respectivamente.

Incorporan informe de data 03.10.2023 por parte da xefatura do servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural respecto das obras solicitadas, no que resolven que no que atinxe ao solo rústico de protección agropecuaria, neste caso non resulta preceptiva a emisión por parte da Consellería do Medio Rural do informe sectorial previo que recolle o art. 36.2 da lei 2/2016.

Con data 27.04.2022 e núm. 2022/1123401 do rexistro electrónico da Xunta de Galicia o interesado presenta comunicación para cambio de actividade forestal a agrícola da parcela obxecto das actuacións.

Respecto da execución das obras en solo rústico de protección forestal, acompaña autorización en data 18.10.2023, expediente número 227/2023, por parte do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural, cunha serie de condicionantes que se deberán observar en todo caso.

Respecto da execución de obras na zona de afección ferroviaria, prevista no artigo 16.1 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do Sector Ferroviario (solo rústico de protección de infraestruturas), acompaña autorización por parte do órgano administrador ADIF, en expediente núm. N/REF. 2023-1101-RC, en Resolución estimatoria do 13.10.2023.

c. As parcelas atópase na contorna da Torre de Cira, ben catalogado (Ficha catálogo 08.06) na categoría de Ben de Interese Cultural, con nivel de protección integral (Decreto 22/04/1949) BIC.000.546. En consecuencia, de acordo co art. 39 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización por parte da Consellería de Cultura.

Acompañan neste senso autorización favorable por parte da DXPC en Resolución do 05.07.2023 cunha serie de condicionantes que se deberán observar en todo caso (Expediente número 1449/23): "Autorizar o proxecto acondicionamento de terreo para plantación de viñedo D.O. Rías Baixas en Santa Baia de Cira e San Miguel do Castro, concellos de Silleda / A Estrada, non obstante cómpre realizar un control arqueolóxico sobre os desterres ocasionados polas obras. En consecuencia, antes do inicio dos traballos, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En función dos resultados da intervención poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de

localizarse restos arqueolóxicos inmóviles, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario realizar modificacións no proxecto, principalmente, no que atinxe a súa afección sobre o subsolo.”

d. A zona 4 está atravesada por unha liña eléctrica. De conformidade co art. 162 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica: “[...]En todo caso, y para as liñas eléctricas aéreas; queda limitada a plantación de árbores e prohibida a construción de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola proxección sobre o terreo dos condutores extremos nas condicións máis desfavorables, incrementada coas distancias regulamentarias a ambos lados da dita proxección[...].” Resultando necesario achegar a correspondente autorización por parte do organismo correspondente.

Incorpora xustificación en apartado 2.2 do anexo ao proxecto achegado, respecto da non afección das obras a liña eléctrica, polo que non é preciso a achega da autorización solicitada.

e. Autorización para plantación de viñedo por parte do órgano correspondente da consellería do medio rural.

Acompaña copia de concesión de autorización de replantación dunha superficie de viña, en expediente: RV/36/2023/000265, con data 27/09/23 por parte da persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, en explotación vitícola CODEV 3605200473.

3.2. Cumprimento das previsións da normativa urbanística vixente:

1. Réxime legal do solo





As parcelas sobre a que se emprazará as obras a realizar, está clasificada no planeamento municipal vixente, e aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa e entrada en vigor o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023); como solo rústico, dentro das categorías de protección ordinaria e especial protección: nas categorías de:

- Solo rústico de protección forestal (SRPF)
- Solo rústico de protección agropecuaria (SRPA).
- Solo rústico de protección de infraestruturas (SRPI) (afección vía ferroviaria).

- En virtude da Disposición Transitoria 1ª.1, apartados d) da LSG, por tratarse dun planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo en todo caso, a vixencia das categorías do solo contempladas no planeamento respectivo.

- A regulación deste solo establécese no PXOM Título V.- Normas particulares do solo rústico: Disposicións xerais, regulado nos art. 351 a 372 da normativa urbanística do PXOM, e determinacións solo rústico de especial protección nos artigos 373 e 388; particularmente art. 379 a 383 da normativa do PXOM para o solo rústico de protección forestal; art. 375 a 378 da normativa do PXOM para o solo rústico de protección agropecuaria, e artigos 385 a 388 para o solo rústico de protección de infraestruturas. Resulta de aplicación, aos efectos dos usos e actividades nesta clase de solo, o réxime establecido nos artigos 35 a 37 LSG e 50 a 55 RLSG e condicións para as edificacións nos artigos 39 LSG e 59 a 63 RLSG.

Cómpre indicar que cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías

de solo rústico, incluírase en ditas categorías cuxos réximes se aplicarán de forma complementaria. Se se produce contradición entre ditos réximes, prevalecerá a que outorgue maior protección. (Art. 374 PXOM e complementariamente art. 34.4 LSG e art. 49.4 RLSG).

b) Afección sectorial:

- A parcela atópase na zona de afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017)*
- As parcelas atópase na contorna da Torre de Cira, ben catalogado (Ficha catálogo 08.06) na categoría de Ben de Interese Cultural, con nivel de protección integral (Decreto 22/04/1949) BIC.000.546. En consecuencia, de acordo co art. 39 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización por parte da Consellería de Cultura.*

3.3. Determinacións aplicables:

- O uso pretendido a implantar, de movemento de terras e plantación de viñado, ten encaixe dentro dos usos admisibles de rústico seguintes: "a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalementos, desmontes e recheos". (Art. 35.1.a) LSG e art. 50.1.a) RLSG)".*

O art.50 do RLSG engade: "Os movementos de terras que se realicen dentro dunha parcela, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º. En ningún caso poderán alterar considerablemente a topografía natural do terreo, excepto os supostos expresamente autorizados pola normativa sectorial.

2º. Non poderán alterar en máis de tres metros a rasante natural do terreo, excepto aquelas actuacións en terreos con características especiais vinculados á actividade que se desenvolvan neles, como son os bancais en viñado en zonas de pendente moi elevada.

3º. Resolverán, dentro do propio terreo, a circulación das augas superficiais procedentes da choiva."

En virtude do art. 36.1. LSG e 51.1. RLSG resulta un uso permitido en calquera categoría de solo rústico. No caso de solo rústico de especial protección, como é o caso, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal. Como é o caso, que posúe a intervención a realizar, por parte dos distintos órganos afectados.

Os movementos de terras que se proxectan, segundo proxecto, non alteran en máis de 3,00m a rasante natural do terreo.

CONCLUSIÓN:

Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no anterior informe técnico emitido, e no que se refire ao estricto cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para o Acondicionamento de terreo para plantación de viñedo dentro da D.O. Rias Baixas, no Lg. Santa Baia de Cira s/n, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052A001100090000KH, 36052A001000170000KE e 36052P503004080000DK), de acordo ao Proxecto técnico e anexo entregados, asinado por D. José Constenla Pego (Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 568), coa observancia das seguintes condicións:

1.- Resolverase, dentro do propio terreo, a circulación das augas superficiais procedentes da choiva. (Art. 50.1.a) RLSG).

2.- Deberanse observar e cumprir íntegra e obrigatoriamente tódalas condicións e requisitos impostos nas autorizacións outorgadas por parte dos organismos sectoriais afectados, en especial Resolución do 05.07.2023 da DXPC respecto da elaboración e presentación dun control arqueolóxico antes do inicio dos traballos.

O que se informa aos efectos oportunos.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

A arquitecta técnica

Verónica Chaves González”

16º.- Consta informe xurídico asinado o 14/11/2023

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.- OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente
- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

- "a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.*
- b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.*
- c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aqueloutras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de*

protección."

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se

pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a Don **JOSÉ LUIS CORT BAS**, titular do Documento Nacional de Identidade ****972** licenza urbanística para o **ACONDICIONAMENTO DE TERREO PARA PLANTACIÓN DE VIÑEDO DENTRO DA D.O. RIAS BAIXAS**, sita no Lg. Santa Baia de Cira s/n, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052A001100090000KH, 36052A001000170000KE e 36052P503004080000DK), de acordo co Proxecto presentado, asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Don JOSÉ CONSTENLA PEGO, colexiado nº 568, CERES OFICINA TÉCNICA AGRÍCOLA, e demais documentación que deu lugar ó informe favorable da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, na data 30 de outubro de 2023, en relación co informe anteriormente emitido o 23 de agosto do mesmo ano.

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condición:

1. Resolverase, dentro do propio terreo, a circulación das augas superficiais procedentes da choiva. (Art. 50.1.a) RLSG).
2. Deberanse observar e cumprir íntegra e obrigatoriamente tódalas condicións e requisitos

impostos nas autorizacións outorgadas por parte dos organismos sectoriais afectados, en especial Resolución do 05.07.2023 da DXPC respecto da elaboración e presentación dun control arqueolóxico antes do inicio dos traballos.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar as taxas e impostos correspondentes.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE